

ANEXO IV
Proyecto lingüístico

1.- Preámbulo

En virtude do disposto no artigo 14 punto 2, do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, o equipo directivo designou unha comisión encargada da redacción do proxecto que aquí se presenta.

2.- Lexislación aplicable

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, DOG do 14 de xullo.
- Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.
- Decreto 124/2007, do 28 de xuño de 2007 polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 e se establece a súa organización e funcionamento.
- Orde do 10 de febreiro do 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilinguismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- A lei 5/2016 do 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia, establece a lingua galega como elemento identitario, ten a súa regulación específica na lei de normalización lingüística, refírese a ela como canle pola que vehicular o noso patrimonio inmaterial, ademais de recoñecer a toponimia como parte da nosa cultura.

3.- Breve análise da realidade sociolingüística do centro

A área circundante ao centro, en xeral, e ao concello de Carballeda, en particular, non son galegofalantes, e, como no resto de Galicia, asistimos á diferenciación de usos propios da diglosia, a un deterioro do galego oral e a unha perda de falantes asociada ao proceso de urbanización e despoboamento do rural. Como trazo diferencial con outras localidades do país está o feito do importante aumento de poboación procedente doutras comunidades autónomas e doutros países (Portugal e Romanía).

4.- Obxectivos xerais

1º.- Fomentar o uso xeneralizado, tanto a nivel oral como escrito, da lingua propia de Galicia, e reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos.

2º.- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua galega, e incrementar a asociación de valores positivos á lingua galega que a fagan percibir como lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.

3º.- Fomentar e facilitar a integración socio-lingüística e escolar de alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros de fala oficial castelá, con nulo ou insuficiente dominio da lingua galega.

.4º.- Fomentar a aprendizaxe das linguas estranxeiras do noso currículo a través de intercambios, proxectos educativos bilingües e viaxes didácticas.

5º.- Fomentar a coexistencia harmónica e respectuosa entre as dúas linguas oficiais da Comunidade.

6º.- Fomentar o respecto e coñecemento das outras linguas oficiais da Península.

7º.- Fomentar o emprego de textos na súa lingua orixinal, sempre que isto sexa posible.

5.- Materias que se imparten en galego no curso 2019- 20

A continuación relaciónanse por grupos as materias que se imparten en galego segundo consta en manifestación por escrito do profesorado que as imparte.

Non se inclúen as materias optativas se as alternativas que se imparten a un mesmo tempo non son en galego.

E. INFANTIL

- Linguaxe matemático e asemblea.

E. PRIMARIA

- C. do Medio , Natural e social
- E. Física
- Música

ESO

- Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.
- Ciencias da Natureza, Bioloxía e Xeoloxía

(Decreto 79/2010 do 20 de maio)

Tanto nas materias de obrigado cumprimento, como nas que se imparten a maiores en galego, o alumnado, conforme ao establecido no artigo 13º do Decreto 124/2007, empregará, con carácter xeral, o galego nas manifestacións orais e escritas.

Por manifestacións orais enténdese: intervencións, exposicións, resolución de dúbidas, ou calquera outra derivada da impartición da materia correspondente. Por manifestacións escritas enténdese: actividades, exercicios, traballos de lectura, exames ou calquera outra derivada da impartición da materia correspondente.

6.- Medidas de apoio e reforzo para fomentar o dominio das dúas linguas oficiais e seguir con aproveitamento as ensinanzas impartidas.

6.1.- Ao alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros de lingua castelá con nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega tentaremos achegalos ao coñecemento do noso idioma a través de diferentes medidas, entre outras destacaríamos:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumno ou alumna.

- Realización de traballos apropiados encamiñados á adquisición e fixación das estruturas básicas da lingua galega.

- Ler textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica así como a velocidade lectora en lingua galega.

No caso das materias que este alumnado recibe en lingua galega, os respectivos departamentos didácticos, coa colaboración do Equipo de Dinamización Lingüística e do Departamento de Orientación, adoptarán medidas encamiñadas a que poidan aproveitar as ensinanzas que se imparten. Concretaranse en:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumno ou alumna.

- Entrega de bibliografía complementaria apropiada para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación. En ningún caso esta bibliografía suplirá os manuais ou libros de texto referenciados na programación para o curso.

- Especial atención por parte do profesorado ás dúbidas de comprensión e expresión idiomática, tanto no referido ás explicacións do profesor como ás que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.

- No caso de E. Primaria o material complementario co que conta o centro, para a área de Matemáticas, está en castelán, non contando con recursos adaptados á nova normativa.

6.1.1.- Alumnado con exención en lingua galega.

Segundo o establecido no artigo 15 do Decreto 124/2007 o alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 4º de ESO ou Bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro con lingua oficial castelá, poderá obter a exención da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante dous cursos académicos.

Nas materias que se imparten en lingua galega rexerá o establecido no apartado anterior.

En cumprimento do establecido no artigo 15 do Decreto 124/2007, este alumnado deberá asistir obrigatoriamente ás clases de lingua galega como medio de integración lingüística e demostrar un aproveitamento das ensinanzas que recibe cun esforzo especial pola súa parte.

No caso de faltas de asistencia continuada sen a debida xustificación aceptada polo titor/a, e estando próximo a superar o límite establecido no Regulamento de Réxime Interior, daráselle audiencia para apercibilo que de continuar observando faltas de asistencia ata o punto de superar o devandito límite, procederase á revogación da exención concedida.

No caso de alumnado menor de idade, ao mesmo tempo comunicáraselle por escrito esta circunstancia aos pais ou tutores legais e daráselles audiencia para explicarlles a situación orixinada.

Cando o alumnado con exención da cualificación nas probas de lingua galega manifeste un claro desaproveitamento e falta de interese pola materia, tendo sido apercibido por escrito sobre as consecuencias desa actitude na primeira e/ou segunda avaliación, e logo do informe do profesor ou profesora a finais de curso, non se concederá a segunda exención prevista no Decreto 124/2007. Se o alumno ou alumna xa estivera gozando desta segunda exención, o apercibimento farase necesariamente na primeira avaliación e na segunda, de persistir a situación, logo da audiencia ao interesado, pais ou titores legais, procederase a revogar a exención.

6.2- Alumnado procedente doutros países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento das dúas linguas oficiais.

No caso da ESO, establecerase na avaliación inicial o grao de descoñecemento para aplicar, se fose necesario, unha ACI. Se non fose necesaria esta medida estudaríase a conveniencia doutras como agrupamento específico, programa de diversificación curricular ou calquera das indicadas no apartado anterior.

De tratarse de alumnado do primeiro ciclo da ESO, e de gozar de exención da 2ª materia de lingua estranxeira, poderanse empregar as sesións semanais desta materia para a realización de actividades de integración lingüística nas dúas linguas oficiais.

Tamén se determinará a pertenza deste alumnado ao ámbito territorial-lingüístico anglófono, francófono, ou lusófono para estudar unha posible aproximación ás dúas linguas oficiais do sistema educativo galego dende os Departamentos de Inglés, Francés ou Galego, coa colaboración do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e do Departamento de Orientación.

7.-Actividades

7.1.- Actividades do Equipo de Dinamización lingüística.

7.1.1.- Creación do taboleiro de normalización do galego.

Consiste en crear manter un lugar físico no centro no que inserir todo tipo de noticias, comentarios, viñetas, ... que teñan a ver coa actividade do EDL e, en xeral, coa normalización e o avance do galego. Trátase dun espazo aberto para o que se busca á colaboración da comunidade educativa e, en especial, do alumnado. Estase traballando por parte dun grupo de alumnos, coa axuda da profesora de lingua galega, na "integración" dun taboleiro de anuncios dos que hai no centro dentro dunha especie de maqueta que simularía a primeira plana dun xornal.

7.1.2.- Actividades nas etapas:

- **En Educación Infantil** os alumnos participarán nas actividades axeitadas a súa idade.

Participación no xornal escolar .

Actividade de debuxo "O Samaín".

Xogos populares no magosto.

Actuacións teatrais en galego. Actividade aprazada por mor da pandemia e que se retomará se as condicións sanitarias o permiten.

Concurso- exposición “ A miña mascota” Os alumnos falarán e amosarán unha foto da súa mascota .

• **En Educación Primaria**

Participación no proxecto “pon nome á túa aula”.Escoller un nome dun escritor galego para as diferentes estancias do centro e posteriormente facer distintas actividades como son busca de información relativa á vida e obra do mesmo. Se pode ser convidar a ese escritor ou escritora ao centro para achegar a todo o alumnado a referentes do mundo artístico galego.

Actuacións teatrais em lingua galega.

“Coñecemos a...” Os alumnos farán pequenas entrevistas a profesores do centro que serán publicadas no xornal escolar “Candís”.

Participación nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización Lingüística.

Participación no xornal do centro.

Actividade de debuxo “O Samaín”.

Xogos populares no magosto.

Concurso- exposición “ A miña mascota” Os alumnos nunha extensión de 10 liñas tentarán mostrarnos como é a súa mascota, o texto irá acompañado dunha pequena foto.

• **En Educación Secundaria**

Participación no xornal escolar.

Participación no proxecto “pon nome á túa aula”.

Actuacións teatrais en lingua galega.

Actividade de decoración de portas terroríficas e creación de contos “O Samaín”.

Xogos populares no magosto

Creación dun cadro sobre Florencio Delgado Gurriarán.

Concurso- exposición “ A miña mascota” Os alumnos nunha extensión de 10 liñas tentarán mostrarnos como é a súa mascota, o texto irá acompañado dunha pequena foto .

“Coñecemos a...” Os alumnos farán pequenas entrevistas a profesores do centro que serán publicadas no xornal escolar “Candís”.

Realización de roteiros pola contorna. Aproximación do alumnado ao patrimonio natural e cultural.

Participación na edición da revista CANDÍS

Sempre hai un número importante de alumnos/as interesados/as en colaborar dunha ou doutra forma, polo que se valora positivamente a súa continuidade.

Semana do cine galego.

Proxección de filmes galegos, cunha brevísima introdución previa.

ADENDA

2021/2022

1.- Preámbulo

En virtude do disposto no disposto no artigo 14, punto 2, do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, o equipo directivo designou unha comisión encargada da redacción do proxecto que aquí se presenta.

2.- Lexislación aplicable

📖 Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, DOG do 14 de xullo.

📖 Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.

📖 Decreto 124/2007, do 28 de xuño de 2007 polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

📖 Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 e se establece a súa organización e funcionamento.

📖 Decreto 79/2010 do 20 maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

📖 A lei 5/2016 do 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia, establece a lingua galega como elemento identitario, ten a súa regulación específica na lei de normalización lingüística, refírese a ela como como canle pola que vehicular o noso patrimonio inmaterial, ademais de recoñecer a toponimia como parte da nosa cultura.

3.- Breve análise da realidade sociolingüística do centro

A área circundante ao centro, en xeral, e o concello de Carballeda, en particular, non son galegofalantes, e, como no resto de Galicia, asistimos á diferenciación de usos propios da diglosia, a un deterioro do galego oral e a unha perda de falantes asociada ao proceso de urbanización e despoboamento do rural. Como trazo diferencial con outras localidades do país está o feito do importante aumento de poboación procedente doutras comunidades autónomas e doutros países (Portugal, República Dominicana, Romanía e Marrocos).

4.- Obxectivos xerais

1º.- Fomentar o uso xeneralizado, tanto a nivel oral como escrito, da lingua propia de Galicia, e reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos.

2º.- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua galega, e incrementar a asociación de valores positivos á lingua galega que a fagan percibir como lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.

3º.- Fomentar e facilitar a integración socio-lingüística e escolar de alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros de fala oficial castelá, con nulo ou insuficiente dominio da lingua galega.

4º.- Fomentar a aprendizaxe das linguas estranxeiras do noso currículo a través de intercambios, proxectos educativos bilingües e viaxes didácticas.

5º.- Fomentar a coexistencia harmónica e respectuosa entre as dúas linguas oficiais da Comunidade.

6º.- Fomentar o respecto e coñecemento das outras linguas oficiais da Península.

7º.- Fomentar o emprego de textos na súa lingua orixinal, sempre que isto sexa posible.

5.- Materias que se imparten en galego neste curso

A continuación relaciónanse por grupos as materias que se imparten en galego segundo consta en manifestación por escrito do profesorado que as imparte.

Non se inclúen as materias optativas se as alternativas que se imparten a un mesmo tempo non son en galego.

E. INFANTIL

- ✧ A lingua materna predominante dos alumnos/as (Linguaxe matemático e asemblea)

E. PRIMARIA

- ✧ C. do Medio , Natural e Cultural
- ✧ E. Física
- ✧ Música

ESO

Ciencias Sociais, Xeografía e Historia
Ciencias Naturais, Bioloxía e Xeoloxía

Tanto nas materias de obrigado cumprimento, como nas que se imparten a maiores en galego, o alumnado, conforme ao establecido no artigo empregará, con carácter xeral, o galego nas manifestacións orais e escritas.

Por manifestacións orais enténdese: intervencións, exposicións, resolución de dúbidas, ou calquera outra derivada da impartición da materia correspondente. Por manifestacións escritas enténdese: actividades, exercicios, traballos de lectura, exames ou calquera outra derivada da impartición da materia correspondente.

6.- Medidas de apoio e reforzo para fomentar o dominio das dúas linguas oficiais e seguir con aproveitamento as ensinanzas impartidas.

6.1.- Alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros de lingua castelá con nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega.

6.1.1.- Alumnado sen exención en lingua galega, (1º, 2º ou 3º de ESO).

Estes alumnos e alumnas poderanse incorporar aos agrupamentos específicos de 1º ou 2º de ESO, retornando ao grupo de orixe se se constata unha satisfactoria adquisición da correspondente competencia lingüística.

Ao mesmo tempo, no caso de exención da 2ª lingua estranxeira, poderá empregarse algunha das horas desta materia para realizar actividades de integración lingüística.

No caso de alumnado de 3º de ESO, o Departamento de Lingua Galega, coa colaboración do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e do Departamento de Orientación adoptará medidas de reforzo ou apoio para que o alumnado poida acadar os obxectivos marcados. Estas medidas concretaranse en:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumno ou alumna.
- Realización de traballos apropiados encamiñados á adquisición e fixación das estruturas básicas da lingua galega.
- Ler textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica así como a velocidade lectora en lingua galega.

No caso das materias que este alumnado recibe en lingua galega, os respectivos departamentos didácticos, coa colaboración do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e do Departamento de Orientación, adoptarán medidas encamiñadas a que poidan aproveitar as ensinanzas que se imparten, estas concretaranse en:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumno ou alumna.
- Entrega de bibliografía complementaria apropiada para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación. En ningún caso esta bibliografía suplirá os manuais ou libros de texto referenciados na programación para o curso.

- Especial atención por parte do profesorado ás dúbidas de comprensión e expresión idiomática, tanto no referido ás explicacións do profesor como ás que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.

- No caso de E. Primaria o material complementario co que conta o centro, para a área de Matemáticas, está en castelán, non contando con recursos adaptados á nova normativa.

6.1.2.- Alumnado con exención en lingua galega.

Segundo o establecido no artigo 15 do Decreto 124/2007 o alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 4º de ESO ou Bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro con lingua oficial castelá, poderá obter a exención da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante dous cursos académicos.

Nas materias que se imparten en lingua galega rexerá o establecido no apartado anterior.

En cumprimento do establecido no artigo 15 do Decreto 124/2007, este alumnado deberá asistir obrigatoriamente ás clases de lingua galega como medio de integración lingüística e demostrar un aproveitamento das ensinanzas que recibe cun esforzo especial pola súa parte.

No caso de faltas de asistencia continuada sen a debida xustificación aceptada polo titor/a, e estando próximo a superar o límite establecido no Regulamento de Réxime Interior, daráselle audiencia para apercibilo que de continuar observando faltas de asistencia ata o punto de superar o devandito límite, procederase á revogación da exención concedida.

No caso de alumnado menor de idade, ao mesmo tempo comunicaráselle por escrito esta circunstancia aos pais ou titores legais e daráselles audiencia para explicarlles a situación orixinada.

Cando o alumnado con exención da cualificación nas probas de lingua galega manifeste un claro desaproveitamento e falta de interese pola materia, tendo sido apercibido por escrito sobre as consecuencias desa actitude na primeira e/ou segunda avaliación, e logo do informe do profesor ou profesora a finais de curso, non se

concederá a segunda exención prevista no Decreto 124/2007. Se o alumno ou alumna xa estivera gozando desta segunda exención, o apercibimento farase necesariamente na primeira avaliación e na segunda, de persistir a situación, logo da audiencia ao interesado, pais ou titores legais, procederase a revogar a exención.

6.2- Alumnado procedente doutros países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento das dúas linguas oficiais.

No caso da ESO, establecerase na avaliación inicial o grao de descoñecemento para aplicar, se fose necesario, unha ACI. Se non fose necesaria esta medida estudaríase a conveniencia doutras como agrupamento específico, programa de diversificación curricular ou calquera das indicadas no apartado anterior.

De tratarse de alumnado do primeiro ciclo da ESO, e de gozar de exención da 2ª materia de lingua estranxeira, poderanse empregar as sesións semanais desta materia para a realización de actividades de integración lingüística nas dúas linguas oficiais.

Tamén se determinará a pertenza deste alumnado ao ámbito territorial-lingüístico anglófono, francófono, ou lusófono para estudar unha posible aproximación ás dúas linguas oficiais do sistema educativo galego dende os Departamentos de Inglés, Francés ou Galego, coa colaboración do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e do Departamento de Orientación.

7.-Actividades

7.1.- Actividades do Equipo de Normalización e Dinamización lingüística.

7.1.1.- Creación do taboleiro de normalización do galego.

Consiste en crear manter un lugar físico no centro no que inserir todo tipo de noticias, comentarios, viñetas, ... que teñan a ver coa actividade do GNL e, en xeral, coa normalización e o avance do

galego. Trátase dun espazo aberto para o que se busca á colaboración da comunidade educativa e, en especial, do alumnado. Estase traballando por parte dun grupo de alumnos, coa axuda do profesor de Plástica, na “integración” dun taboleiro de anuncios dos que hai no centro dentro dunha especie de maqueta que simularía a primeira plana dun xornal.

7.1.2 - Niveis

• **En Educación Infantil :**

Todos os días na asamblea, a titora se dirixe a eles en galego e interactúa nesa lingua é o momento adicado ó galego.

Os nenos participarán na Convivencia de Infantil se así o permite a situación sanitaria derivada da pandemia.

Participación no xornal escolar (Ilustracións, actividades ...)

Actuacións teatrais en galego.

Visionado de filmes de animación.

Proxecto “pon nome á túa aula” Os alumnos coa axuda da mestra escollerán para a súa aula o nome dun escritor ou escritora en lingua galega e pegarase un vinilo coa figura escollida na porta da aula, a mestra será a encargada de achegar aos máis cativos a obra do personaxe.

Actividade de decoración de portas terroríficas “O Samaín”.

Xogos populares no magosto

• **En Educación Primaria:**

Actuacións teatrais en galego.

Participación no proxecto “Pon nome á túa aula”, os alumnos do centro escollerán un nome entre os escritores galegos máis representativos para eles, unha vez feito este paso colocaremos un vinilo coa figura do autor escollido, elaboraremos unha pequena biografía e un mural co obxectivo de colocalo nun lugar visible da aula, deste xeito familiarizaremos aos nosos alumnos coa nosa lingua.

Concurso- exposición “ A miña mascota” Os alumnos nunha extensión de 10 liñas tentarán mostrarnos como é a súa mascota, o texto irá acompañado dunha pequena foto .

Actividade de decoración de portas terroríficas e creación de contos “O Samaín”.

Xogos populares no magosto

Participación nas actividades propostas polo Equipo de normalización e dinamización lingüística.

Participación no xornal do centro.

• **En Educación Secundaria**

Participación no proxecto “Pon nome á túa aula”, os alumnos do centro escollerán un nome entre os escritores galegos máis representativos para eles, unha vez feito este paso colocaremos un vinilo coa figura do autor escollido, elaboraremos unha pequena biografía e un mural co obxectivo de colocalo nun lugar visible da aula, deste xeito familiarizaremos aos nosos alumnos coa nosa cultura.

Realización das rotas da natureza e o patrimonio natural.

Participación na edición da revista CANDÍS. Sempre hai un número importante de alumnos/as interesados/as en colaborar dunha ou doutra forma, polo que se valora positivamente a súa continuidade.

Concurso- exposición “ A miña mascota” Os alumnos nunha extensión de 10 liñas tentarán mostrarnos como é a súa mascota, o texto irá acompañado dunha pequena foto

Semana do cine galego. Proxección de filmes galegos, cunha brevísima introdución previa.

Actuacións teatrais en galego. Se as condicións sanitarias o permiten.

Actividade de decoración de portas terroríficas e creación de contos “O Samaín”.

Xogos populares no magosto

*Por mor das condicións sanitarias derivadas da pandemia do COVID-19, dende o equipo de normalización lingüística do centro promoveremos actividades de traballo individual que poidan ser compartidas despois polo grupo clase ou polo resto da comunidade educativa por diferentes canles, como poden ser a revista escolar “Candís” ou a páxina web do centro. Estas medidas preventivas manteranse ata que a situación se normalice.